

ACTA NÚMERO 1/2017
SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN
DO DIA 17 DE FEBREIRO DE 2017

Na casa consistorial de Tordoia sendo as 12:00 horas, do día dazasete de febreiro de dous mil dazasete, reúnese o Pleno da Corporación deste concello en primeira convocatoria de sesión extraordinaria.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Antonio Pereiro Liñares

Concelleiros:

D^a. Maria Costa Calviño

D. José Manuel Cancela Cancela

D^a Inés Santos Pereiro

D. Amadeo Cancela Fariña

D^a Manuela González Pallas

D. José Manuel Gómez Louzao

D. Luis Vázquez Leis

D. Carlos García Vázquez

D. Tomás Castro Liñares

D^a M^a Pilar García Pereiro

Secretaria:

D^a Ana Beatriz Oveja Villafañe

ORDE DO DIA

1. APROBACION, SE PROCEDE, DAS ACTAS Nº 7/2016 E 8/2016 CORRESPONDENTES AS SESIONS ANTERIORES LEVADAS A CABO OS DIAS 24.11.2016 E 26.12.2016.-
2. DACION CONTA DE DECRETOS DENDE A ULTIMA SESION ORDINARIA.-
3. APROBACION DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACION AS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN UNICO DE CONCELLOS) POS+2017.-
4. MOCIONS.-
5. INFORMACIONES DE ALCALDÍA.-
6. ROGOS E PREGUNTAS.-

1. APROBACION, SE PROCEDE, DAS ACTAS Nº 7/2016 E 8/2016 CORRESPONDENTES AS SESIONS ANTERIORES LEVADAS A CABO OS DIAS 24.11.2016 E 26.12.2016.-

Pola Presidencia indícase que foi remitida, xunto coa convocatoria desta sesión as actas das sesións plenarias nº 7 /2016 e 8/2016 levadas a cabo os días 24.11.2016 e 26.12.2016, preguntando aos concelleiros existentes si existe algunha obxección á mesma.

Sometida a aprobación quedan aprobadas as actas anteriores polas persoas que asisten ao pleno.

2. DACION CONTA DE DECRETOS DENDE A ULTIMA SESION ORDINARIA.-

Pola Presidencia ciase lectura dos Decretos e Resolucións da Alcaldía que van dende o 21/11/2016 comenzando co número 196/2016 ata o día 09/02/2017 terminando no número 18/2017, e dos que os concelleiros teñen copias.

3. APROBACION DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACION AS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN UNICO DE CONCELLOS) POS+2017.-

PROPOSTA DA ALCALDIA

O presente "Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+2017" é un plan propio da Deputación Provincial da Coruña para o exercicio 2017 destinado aos 93 concellos da provincia, que se elabora no marco do previsto no artigo 36.2 a) da Lei 7 /1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (BOE núm. 80, do 3 de abril), tendo en conta as modificacións introducidas pola Lei 27 /2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración local (BOE núm. 312 do 30 de decembro de 2013) e nos artigos 32 e 33 do Real decreto legislativo 781/86, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (BOE núm. 96 do 22 de abril), no que se regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente o dito Plan en colaboración cos concellos da provincia.

Os obxectivos do Plan POS+ 2017 son a colaboración no financiamento de gastos correntes, a realización de investimentos de competencia municipal e a redución da débeda con entidades financeiras.

O financiamento de parte dos gastos correntes previstos para o exercicio 2017 está destinado a gastos correntes directamente asociados ao funcionamento dos servizos públicos mínimos obrigatorios. Solícitase unha achega por parte da deputación polo importe total restante ao acadado mediante taxas, prezos públicos e outros ingresos públicos e privados previstos, exceptuando a citada achega da Deputación.

As obras e subministracións para as cales se solicita financiamento ao abeiro do Plan son de competencia municipal e dóuselle preferencia ás asociadas aos servizos obrigatorios, de acordo co establecido nos artigos 25 e 26 da Lei 7 / 1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

A redución da débeda do concello con entidades financeiras é superior ao importe resultante de aplicar ao "préstamo provincial 2017" a porcentaxe do "nivel de endebedamento". Preténdese liquidar o préstamo íntegro pendente coa entidade BCL (BBVA INSTITUCIONES) e minorar o existente coa entidade CAIXABANK.

O concello destina, con cargo a este Plan, un total de 331101,65 euros para o financiamento dos gastos correntes municipais orixinados polos servizos de competencia municipal obrigatorios, cubrindo así, xunto cos ingresos previsibles por taxas, prezos públicos e outros ingresos públicos e privados previstos, exceptuando a citada achega da Deputación, o 100% dos citados gastos.

A obras e subministracións son investimentos para os que o concello ten a plena dispoñibilidade dos terreos necesarios para a súa execución e, no caso das obras incluídas no proxecto INTERIORES EN PARADELA (LEOBALDE) E OUTROS, que precisa autorización de patrimonio, xa se está xestionando a dita solicitude de autorización. O concello presenta un proxecto e pregos de prescricións técnicas para cada unha das obras ou subministracións incluídas tanto no Plan base como no Plan complementario. Os importes mínimos son os establecidos nas bases e a súa redacción é precisa e con claridade. Para a seleccións dos investimentos tiveronse en conta os datos que figuran na Enquisa de Infraestrutura e Equipamento Local, que constitúe o instrumento obxectivo básico de análise e valoración das necesidades de dotacións locais para os efectos de cooperación económica local.

A redución da débeda do concello con entidades financeiras aplícase de acordo co cálculo da proporción que representa o volume total do capital vivo das operacións de crédito vixentes a longo prazo, respecto dos ingresos correntes ou devengados no exercicio inmediatamente anterior, nos termos establecidos no artigo 53 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

O financiamento dos seguintes obxectos detállase da seguinte guisa:

Con cargo á ACHEGA PROVINCIAL 2017: financiarase a parte dos gastos correntes non cuberta polos ingresos procedentes de taxas, prezos públicos e outros ingresos públicos e privados previstos, exceptuando a citada achega da Deputación. Ascende a solicitude de 331101,65euros.

Con cargo á ACHEGA PROVINCIAL 2016: realizaranse investimentos asociados a servizos obrigatorios por un importe de 203754,86 euros. Solicítase financiamento do 100% do investimento a realizar.

Con cargo á PRÉSTAMO PROVINCIAL 2017: achegarase o 100% da financiación da Deputación a reducir a débeda contraída por este concello coas entidades CAIXABANK e con BCL (ahora BBVA INSTITUCIONES). Con esta última entidade cancelárase toda a débeda pendente.

Por todo o exposto PROPOÑO:

1. Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+2017" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2017" , "achega provincial 2016" e "préstamo provincial 2017":

a) Financiamento do pago a provedores:

| | Deputación |
|---|-------------------|
| Achega provincial 2016 aplicada ao financiamento de pago a provedores | 0,00€ |
| Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de pago a provedores | 0,00€ |
| Subtotal pago a provedores | |

a) Financiamento de gasto corrente:

| | Deputación |
|--|-------------------|
| Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de gastos correntes | 331.101,65€ |

c) Financiamento de investimetos:

| ACHEGA PROVINCIAL 2017 | Financiamento do investimeto | | |
|--|-------------------------------------|-----------------|------------------------|
| Denominación da obra ou subministración | Deputación | Concello | Orzamento total |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| Subtotal investimentos achega provincial 2017 | | | |

| ACHEGA PROVINCIAL 2016 (investimentos financeiramente sostibles) | Financiamento do investimeto | | |
|---|-------------------------------------|-----------------|------------------------|
| Denominación da obra ou subministración | Deputación | Concello | Orzamento total |
| Camiño Burgán-Límite con Trazo | 64.100,43€ | | 64.100,43€ |
| Camiño Brandoñas-Abres(Anxeriz)e Outros | 51.269,61€ | | 51.269,61€ |
| Interiores en Paradela (Leobalde) e Outros | 35.809,01€ | | 35.809,01€ |
| Camiño Castrillón-Vilaroscuro e Outros | 52.575,81€ | | 52.575,81€ |
| Subtotal investimentos achega provincial 2016 | 203.754,86€ | | 203.754,86€ |

| PRESTAMO PROVINCIAL 2017 | Financiamento do investimeto | | |
|--|-------------------------------------|----------------------------|------------------------|
| Denominación da obra ou subministración | Préstamo Deputación | Achega Concello | Orzamento total |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| Subtotal investimentos préstamo provincial 2017 | | | |

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos no POS+ 2017 e que se relacionan nestas táboas.

d) Financiamento dos honoranos de redacción de proxectos

| Denominación do proxecto cuxos honorarios de redacción se solicitan (achega provincial 2017) | Deputación |
|---|-------------------|
| | |
| | |
| Subtotal redacción proxectos | |

e) Financiamento de achegas municipais a outros plans ou programas:

| | Deputación |
|--|-------------------|
| Achega provincial 2016 aplicada ao financiamento de achegas municipais | 0,00€ |
| Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de achegas municipais | 0,00€ |
| Subtotal de achegas municipais | |

f) Redución de débeda con entidades financeiras:

| Entidade financeira | Número /código do préstamo | Importe de "préstamo provincial 2017" aplicado á redución da débeda |
|---|----------------------------|---|
| BCL(BBVA INSTITUCIONES) | 95/458XXXXX | 135.333,44€ |
| CAIXABANK | 96203136XXXXX-XX | 83.703,04€ |
| Subtotal redución de débedas con entidades financeiras | | 219.036,40€ |

RESUMO:

| Subtotais | | Deputación | Concello | Orzamento total |
|------------------------|---------------|-------------|----------|-----------------|
| A-PAGO A PROVEEDORES | Achega 2016 | | | |
| | Achega 2017 | | | |
| B -GASTOS CORRENTES | Achega 2017 | 331.101,65€ | | 331.101,65€ |
| | Achega 2017 | | | |
| C-INVESTIMENTOS | Achega 2016 | 203.754,86€ | | 203.754,86€ |
| | Préstamo 2017 | | | |
| D-HONORARIOS REDACCIÓN | Achega 2017 | | | |
| E-ACHEGAS MUNICIPAIS | Achega 2017 | | | |
| | Achega 2016 | | | |
| F-REDUCCIÓN DÉBEDA | Préstamo 2017 | 219.036,40€ | | 219.036,40€ |
| TOTAL | Achega 2017 | 331.101,65€ | | 331.101,65€ |
| | Achega 2016 | 203.754,86€ | | 203.754,86€ |
| | Préstamo 2017 | 219.036,40€ | | 219.036,40€ |
| | TOTAL | 753.892,91€ | | 753.892,91€ |

2. Aprobar o Plan Complementario do ano 2017 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

| Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 20% do total de achega e préstamo provincial asignado) | Orzamento |
|--|--------------------|
| Interiores en Santaia | 51.762,82€ |
| Accesos en Castro (Vila de Abade) e Outros | 48.895,65€ |
| Saneamento en Frixoi e Pedrouzo | 74.700€ |
| TOTAIS | 175.358,47€ |

3.. Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resalto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4. Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2017 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2017, e a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas abrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acorde e o correspondente expediente.

O señor alcalde explica que a Deputación Provincial de A Coruña sacou un plan único que ven sendo a integración de 3 plans, e explica as cantidades e como deben distribuírse según as indicacións do plan.

O señor alcalde da lectura a relación de obras e proxectos que se van a incluír no POS+

OBRAS POS+ 2017 (PROXECTOS)

| | Orzamento |
|--|--------------------|
| PROXECTO 1: Camiño Burgán limite con Trazo | 64.100,43€ |
| PROXECTO 2: Camiño Brandoñas - Abres (Anxeriz) e Outros | |
| Camiño Brandoñas · Abres (Anxeriz): 25.474,95€ | |
| Camiño Vilasal · Anxeriz: 15.444,66€ | |
| Camiño Igrexa · Amerelle: 10.350€ | |
| Total Proxecto | 51.269,61€ |
| PROXECTO 3: Interiores en Paradela (Leobalde) e Outros | |
| Interiores en Paradela (Leobalde): 11.543€ | |
| Interiores en Vilar (Cabaleiros): 13.472€ | |
| Camiño Vi lar - Estrada Tablilla a Agro do Mestre: 10.794€ | |
| Total Proxecto | 35.809€ |
| PROXECTO 4: Camiño Castrillón a Vilaroscuro | |
| Camiño Castrillón a Vilaroscuro: 32.601,82€ | |
| Abastecemento de augas en Santaia: 19.974€ | |
| Total Proxecto | 52.575,82€ |
| TOTAL | 203.754,86€ |

O señor alcalde segue explicando que hai que presentar un plan complementario a Deputación por si chega a poder realizarse algunha obra, e da lectura aos proxectos-obras incluídas no plan complementario

PLAN COMPLEMENTARIO(PROXECTOS)

| | Orzamento |
|--|------------------|
| PROXECTO 1: INTERIORES EN SANTAIA | 51.762,82€ |

| | |
|---|--------------------------|
| PROXECTO 2: ACCESOS EN CASTRO (VILADOABADE) E OUTROS | |
| Accesos en Castro (Viladoabade): 10.456,41€ | |
| Accesos a Outeiro (Viladoabade): 1.598,37€ | |
| Camión Tordoia · Estrada San Mamede: 1.498, 19€ | |
| Acceso Rosende · A Tablilla (Bardaos): 4.391,70€ | |
| Acceso a Moutón (Santaia): 8.678,82€ | |
| Accesos na Ambro: 22.272,16€ | |
| | TOTAL 48.895,65C |
| PROXECTO 3: SANEAMENTO EN FRIXOI E PEDROUZO | |
| | 74.700,00€ |
| | TOTAL 175.358,47€ |

Interven a concelleira do BNG dona Pilar García Pereiro solicitando que incluír unha obra no Pousadoiro-Anxeriz.

Unha vez explicado o expediente sometese a votación e votan a favor 8 PP; Absteñense 3 (2 PSG-PSOE e 1 BNG); en contra 0, polo que queda aprobada a proposta da Alcaldía nos seus propios termos.

4. MOCIONS.-

Non se presentan.

5. INFORMACIONES DE ALCALDÍA.-

Pola Presidencia infórmase do seguinte:

- 1.Sobre o convenio de administración electrónica asinado coa Deputación Provincial da Coruña, asinado o mércores.
- 2.Que a páxina web está activa e que a primeiros do mes de marzo quedará activada a de transparencia.
- 3.Sobre distintas ordes de subvencións que se solicitaron
 - Para soporte de contedores
 - Instalación eléctrica
 - Para cambio de alumado publico en distintas aldeas da parroquia de Castenda
 - A subvención nominativa da Deputación Provincial consistente na senda peonil da Pontepedra ata a Piscina.

6. ROGOS E PREGUNTAS.-

Interven dona Pilar Garcia Pereiro (BNG) preguntando si este concello está adherido ao plan de recollida de plástico agrícola?, xa que viu que esta concello non estaba na lista. O señor alcalde responde que se leva recollendo dende fai 2 anos casa por casa.

Interven o concelleiro do PSdeG-PSOE don Tomás Castro Liñares preguntando si se paga algo? O que o señor alcalde lle responde que si o plastico esta en condicións si, pero non suele pasar.

Interven a Concelleira do BNG preguntando que pasa cos cortes de luz continuos? Si se sabe que é o que está pasando?, o que lle responden que posiblemente sexa por culpa do temporal, que están arranxando nas liñas, etc.

Interven don Carlos García Vázquez concelleiro do PSdeG-PSOE decindo que antes non habia mellor xestión, pero as empresas coñecían o territorio e agora son subcontratas de outros lugares, añadindo que a causa desto son caídas de árboles que están ao lado das liñas e deberíase cumprir a normativa de distancias.

Agora interven o señor alcalde dandolle a razón a Carlos García Vázquez, e dí que ten elaborado un bando para cumprir as distancias, e que incluso foron os policia locais por Anxeriz marcando as plantacións que non cumpren e explicarlle á xente o que ten que facer e que senón cumpren van a ser sancionados poi a Con sel lería.

Interven a concelleira do BNG reiterando a petición das Actas da Xunta de Goberno Local, o que lle responde o señor alcalde que se enviaran e publicaran.

O concelleiro do PSdeG-PSOE interven preguntando polo material deportivo, parece que hai queixas, de que está en mal estado ou qué pasa?o señor alcalde responde que parece que hai uns steps que están en mal estado e que se está mirando presupostos para adquirir uns novas.

Non habendo máis asuntos de que tratar, pola Presidencia levantase a sesión, sendo as 13: 15 horas

Non habendo máis asuntos que tratar, pala Presidencia se levanta a sesión, sendo as 13:30 h